



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CELEBRADA O OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

O 8 de outubro de 2025, ás 19:30 h, reuniuse na sala de sesións o Pleno do Concello en sesión ordinaria para os efectos de tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria

ASISTENCIAS:

Presidente

José Manuel Mato Martínez

Concelleiras/os:

Partido Popular (PP)

María Josefa Álvarez Bugallo
Constantino Fernández Vila
José Luis Pena Romay

Partido PSdeG-PSOE

Xosé Lois García Carballido
Noelia María Varela Suárez
José Manuel Nuñel Costa
Consuelo Martínez Lema

Partido Galego (PG)

Raquel Fondo Pérez

Agrupación de electores Adiante por Ponteceso

Roberto Alexandre Andrade de Santiago

Bloque Nacionalista Galego

Fátima Rodríguez González

APIN-ESCO

José Manuel Pose Verdes

AUSENCIAS

Partido Galego (PG)

Juan Ramón Vidal Torrado

Secretario en acumulación: Francisco Javier Novoa Juiz

Interventora en acumulación: María Emilia García Maneiro

O presidente escusa a ausencia de Juan Ramón Vidal Torrado por razóns de saúde.

O presidente abre a sesión despois de comprobar que o quórum é conforme co artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O voceiro de APIN-ESCO solicita un minuto de silencio en protesta polo xenocidio de Gaza.

1 Parte resolutiva

1.1 Aprobación da acta da sesión do 6 de agosto e do 10 de setembro de 2025

O presidente pregunta se algunha/algún membro do Pleno que está presente quere formular algunha observación, de conformidade co artigo 91,1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Non hai observacións

As/os membros do Pleno que están presentes aproban as actas das sesións do 6 de agosto e do 10 de setembro de 2025 por unanimidade.

1.2 Expediente 2025/G006/000074. Aprobación do expediente de modificación de créditos 18/2025 mediante suplemento 3/2025

O secretario en acumulación dá conta do ditame a favor da Comisión especial de contas do 3 de outubro de 2025.

“EXPTE:2025/T002/000018

PROPOSTA DE DITAME

Visto que da liquidación do exercicio 2024 resultou un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 551.270,07 €.

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, para os que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación é insuficiente e non ampliable, e dado que a Entidade dispón de remanente líquido de Tesourería se fai precisa a modificación de créditos de dito Orzamento da Entidade.

Este suplemento de crédito ten como finalidade:

- *Dotar do crédito necesario para aprobar aquelas facturas devengadas en exercicios anteriores ao 2025 e cuxa imputación orzamentaria non foi posible por non ser presentadas no exercicio correspondente.*

Por todo o anterior esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 18/2025 por suplemento de crédito 3/2025, financiado có Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, segundo o desglose que se detallan a continuación para posteriormente proceder a súa aprobación.

Os gastos proxectados son específicos na súa definición e determinados nas contías, tendo carácter inaprazable por afectar a servizos e competencias municipais.

Tendo en conta todo o anterior, e visto os informes da Intervención Municipal de data 30/09/2025 propónse á Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte DITAME:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito de crédito nº 18/2025 suplemento de crédito 3/25 , por importe de 20.561,28 €, financiado co remanente líquido de tesourería, de acordo co seguinte detalle:*



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

GASTOS.-

Aplic.	Proxecto	Modificación	Importe
2025 920.46600		Suplemento de crédito	8.000,00 €
2025 323.22100		Suplemento de crédito	326,89 €
2025 1532.22199		Suplemento de crédito	9.037,21 €
2025 171.21300		Suplemento de crédito	1.083,19 €
2025 1621.21400		Suplemento de crédito	2.113,99 €
TOTAL			20.561,28 €

INGRESOS.-

CONCEPTO	IMPORTE	FONTE DE FINANCIAMENTO
87000	20.561,28 €	Remanente de Tesourería para gastos xerais

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

En Ponteceso, O Alcalde/ Jose Manuel Mato Martínez/ DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.”

O presidente somete a proposta a votación.

A Comisión especial de contas ditamina a proposta a favor por tres votos por aplicación do voto ponderado (tres: 1 do PP, 1 do PG e 1 de AxP (53,83%)) e tres abstención (tres: 1 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO (46,14%))”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000008 e identificado pola pegada dixital: fd946d9e82083de8a65ac1a23b49ff75d89a2d93687b95379bea327e09acbde5

O presidente somete o ditame a votación.

O Pleno do Concello aproba o ditame por dez votos a favor (dez: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 1 do PG e 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

1.3 Expediente 2025/G006/000076. Aprobación do expediente de modificación de créditos 19/2025 mediante transferencia 5/2025



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

O secretario en acumulación dá conta do ditame a favor da Comisión especial de contas do 3 de outubro de 2025.

“PROPOSTA DE DITAME

Asunto: Aprobación inicial de modificación de crédito mediante transferencia de crédito.

Visto o estado actual da execución do orzamento para o ano 2025 e dado que non existe consignación orzamentaria suficiente en diferentes aplicacións orzamentarias, pero si existe consignación dispoñible en outras aplicacións orzamentarias, con diferente vinculación xurídica, faise necesario unha modificación orzamentaria, concretamente unha transferencia de crédito.

Tendo en conta o anterior, e dado que se trata de aplicacións de distinta área de gasto, o órgano competente para aprobar a correspondente transferencia de crédito é o Pleno.

Visto o disposto nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, nos artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, así coma nas Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Pontevedra para o ano 2025.

Visto o Informe da Intervención municipal de data 30 de setembro de 2025

ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 19/2025 mediante transferencia de crédito nº 5/2025 por un importe total de 197.332,16 € propondo:*

INCREMENTAR as aplicacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	INCREMENTO
160.62300	Alcantarillado/ Inversión nova	88.819,97 €
1532.61900	Pavimentación vías públicas/ Outras inversións de reposicións en infraestruturas	21.279,23 €
1531.61900	Acceso a núcleos de poboación/ Outras inversións de reposicións en infraestruturas	11.616,0 €
150.61900	Admon xeral de urbanismo/ Outras inversións de reposicións en infraestruturas	9.196,00 €
130.60900	Admon xeral da seguridade/ Outras inversións novas en infraestruturas	5.467,94 €
342.60900	Instalac deportivas/Outras inversións novas en infraestruturas	9.973,06 €
150.60000	Admon xeral de urbanismo/Inversión en terreos	19.200,00 €
161.62300	Abastecemento domiciliario auga potable/Inversión nova	6.679,96 €
341.22799	Promoción e fomento do deporte/Traballos	12076,10 €



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

	<i>realizados por outras empresas</i>	
338.20300	<i>Festas populares/Aluguer maquinaria</i>	12.923,90 €

MINORAR as aplicacións:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	MINORAC.
931.12101	<i>Política económica e fiscal/ Complemento específico</i>	22.789,56 €
931.12000	<i>Política económica e fiscal/ Soldo A1</i>	21.987,46 €
931.12100	<i>Política económica e fiscal/ Complemento de destino</i>	22.905,58 €
920.12000	<i>Admon Xeral/Soldos A1</i>	13.354,07 €
920.12101	<i>Admon Xeral/ Complemento específico</i>	39.700,00 €
912.10000	<i>Órganos de goberno/Retribucións</i>	18.300,00 €
920.12100	<i>Admon Xeral/Complemento de destino</i>	15.000,00 €
1531.13000	<i>Acceso a núcleos de poboación/ Retribucións básicas</i>	10.000,00 €
136.130000	<i>Servicio de prevención e extinción/Retribucións básicas</i>	10.000,00 €
TOTAL		197.332,16 €

SEGUNDO.- Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ao publico o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

TERCEIRO.- A modificación de crédito considerárase definitivamente aprobada se durante o período de exposición ao publico non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resumo por capítulos.

CUARTO.- Facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

En Ponteceso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Jose Manuel Mato."

O presidente somete a proposta a votación.

A Comisión especial de contas ditamina a proposta a favor por tres votos por aplicación do voto ponderado (tres: 1 do PP, 1 do PG e 1 de AxP (53,83%)) e tres abstención (tres: 1 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO (46,14%))"

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

fd946d9e82083de8a65ac1a23b49ff75d89a2d93687b95379bea327e09acbde5

O presidente somete o ditame a votación.

O Pleno do Concello aproba o ditame por dez votos a favor (dez: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 1 do PG e 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

1.4 Expediente 2025/G006/000075. Aprobación dun recoñecemento extraxudicial 2/2025

O secretario en acumulación dá conta do ditame a favor da Comisión especial de contas do 3 de outubro de 2025.

"EXPTE:2025/X999/000204

ASUNTO:RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO 2/2025
PROPOSTA DE DITAME

Visto que da liquidación do exercicio 2024 resultou un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais de 551.270,07 €.

VISTO que, ao abeiro do RDL 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei de facendas locais (art. 176) e do RD 500/1990, de 20 de abril (artigo 26), con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario a excepción de, entre outros supostos, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril (recoñecemento extraxudicial de créditos) ás cales se aplicarán aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento.

Visto que todas as facturas que se relacionan no anexo corresponden a servizos, suministros ou obras efectuadas de conformidade e axustadas ó prezo de mercado. Visto que no caso das cuotas do Galp foron reclamadas anualmente e que efectivamente non foron abonadas.

Visto que todas as facturas foron realizadas en exercicios anteriores, e tendo en conta que todas as facturas foron conformadas, polo que prestaron a conformidade có prezo e có servizo.

Tendo en conta que o prioritario e pagar ditas facturas toda vez que se está a incumprir o período legal de pago das mesmas, considérase prioritario a súa aprobación e pago sobre outras facturas do exercicio en curso.

Coa finalidade de evitar o enriquecemento inxusto do Concello de Ponteceso, e acreditada a débeda contraída cos provedores sinalados, e visto o Informe de Reparo formulado pola Intervención Municipal por importe de 20.561,28 €, de data 30 de setembro de 2025, é polo que se propón a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.-Resolver a discrepancia formulada , deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Aprobar conforme ó artigo 60.2 do RD 500/1990 e a Base nº 11 das de Execución do Orzamento Municipal prorrogado para o ano 2025, o recoñecemento extraxudicial de crédito (expte REC 2/2025) correspondente as facturas que se relacionan a continuación, por un importe total de 20.561,28 €.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Aplicación	Descrición do gasto	Denominación	Importe
920.46600	Cuotas do Galp dende o 2015 ó 2022	Administración Xeral/Transferencias a outras entidades que agrupen varios municipios	8.000,00 €
323.22100	Impuesto sobre electricidade 01/11/2024 - 30/11/2024	Promoción educativa/enerxía eléctrica	326,89 €
1531.22199	Suministro hormigon en obras varias; Carballido, Ameixenda, Corme Aldea y Currá	Acceso ós núcleos de poboación/Outros suministros	9.037,21 €
171.21300	Traballos varios (Arranxo desbrozadora, maquinaria)	Parxes e xardíns/Reparación maquinaria	1.083,19 €
1621.21400	Traballos varios (Arranxo vehículo camión de lixo)	Recollida de residuos/Reparación vehículos	2.113,99 €
TOTAL			20.561,28 €

TERCEIRO.-Que unha vez aprobado polo Pleno da Corporación, e unha vez entrado en vigor a modificación nº 18/2025 mediante suplemento de crédito, se dea traslado da presente resolución os servizos de intervención/tesourería para que realicen as anotacións contables necesarias para aprobación do gasto; ordenación e procedan o seu pagamento.
En Ponteceso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe./O Alcalde. José Manuel Mato Martínez”

O presidente somete a proposta a votación.

A Comisión especial de contas ditamina a proposta a favor por tres votos por aplicación do voto ponderado (tres: 1 do PP, 1 do PG e 1 de AxP (53,83%)) e tres abstención (tres: 1 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO (46,14%)).”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000008 e identificado pola pegada dixital: fd946d9e82083de8a65ac1a23b49ff75d89a2d93687b95379bea327e09acbde5

O presidente somete o ditame a votación.

O Pleno do Concello aproba o ditame por dez votos a favor (dez: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 1 do PG e 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO) e que acorda:

1.5 Expediente 2025/T017/000001. Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2025

O secretario en acumulación dá conta do ditame a favor da Comisión especial de contas do 21 de agosto de 2025.

“**CONTA XERAL DO EXERCICIO 2024**
PROPOSTA DA ALCALDÍA



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O artigo 208 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establece que, á terminación do exercicio orzamentario, as Entidades Locais, formarán a Conta Xeral que porá de manifesto a xestión realizada nos aspectos económicos, financeiro, patrimonial e orzamentario.

Formada e elaborada pola Intervención Municipal a Conta Xeral do Orzamento do exercicio de 2024, de acordo coas normas establecidas na nova Instrución de Contabilidade, que prevé na súa regra 45 a integración dos documentos seguintes:

- a) O Balance.*
- b) A conta do resultado económico-patrimonial.*
- c) O estado de cambio no patrimonio neto.*
- d) O estado de fluxos de efectivo.*
- e) O estado da Liquidación do Orzamento.*
- f) A memoria.*

Información complementaria:

- a) Actas de arqueo da das existencias en caixa referidas a fin do exercicio*
- b) Certificacións das entidades bancarias*
- c) Estado conciliatorio entre saldos contables e bancarios*

Por esta Alcaldía sométese a mesma ao ditame da Comisión Especial de Contas para que xunto con este se expoña ao público durante 15 días a efectos de reclamacións, que poderán presentarse durante este período, coa finalidade de elevala ao Pleno da Corporación para proceder a súa aprobación.

En Ponteceso. O Alcalde/ Jose Manuel Mato/ Documento asinado dixitalmente á marxe.”

O presidente somete a proposta a votación.

A Comisión especial de contas ditamina favorable a proposta por maioría de votos a favor (tres: 1 do PP, 1 do PG e 1 de AxP) e tres abstencións (tres: 1 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).”

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

fd946d9e82083de8a65ac1a23b49ff75d89a2d93687b95379bea327e09acbde5

O presidente somete o ditame a votación.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O Pleno do Concello aproba o ditame por dez votos a favor (dez: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 1 do PG e 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

1.6 Expediente 2025/G006/000077. Aprobación do último proxecto modificado denominado “Mellora da capa de rodadura na Campara e na Bouza, incluído no POS+Complementario 2025

O presidente di que é necesario incluír na Orde do día a aprobación do último proxecto modificado denominado “Mellora da capa de rodadura na Campara e na Bouza.

O Pleno do Concello aproba incluír a proposta por once votos a favor (once: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 1 do PG, 1 de AxP e 1 de APIN-ESCO) e unha (1) abstención do BNG.

O secretario en acumulación dá conta do contido da proposta.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA O PLENO MUNICIPAL

APROBACIÓN DO ÚLTIMO PROXECTO MODIFICADO DENOMINADO: MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA CAMPARA E NA BOUZA, INCLUIDO NO POS+COMPLEMENTARIO 2025 ANTECEDENTES:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o vinte e nove de novembro de 2024, aprobou as Bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) POS+2025, publicado no BOP número 233 do 3 de decembro de 2024.

O Pleno do Concello de Ponteceso, na sesión que tivo lugar o día 05/02/2025, acordou participar no dito Plan.

Unha vez revisada a documentación achegada por parte do Concello, a Deputación Provincial faínos un requirimento sobre o proxecto presentado: MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA CAMPARA E NA BOUZA, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, COAG 20.206, de outubro de 2024, cun orzamento total (con IVE) que ascende a 41.287,23 €, co seguinte literal:

«Na pavimentación da pista municipal situada na marxe dereita da estrada DP 4307 Malpica a Ponteceso (P.Q. 12+270), deberá incluírse a conexión das augas procedentes do camiño a pavimentar coas pluviais da DP 4307 co fin de evitar que a auga procedente da pista municipal discorra pola estrada provincial.

Deberá incluírse no proxecto planos e presuposto para a colocación dunha reixa transversal ao camiño, apertura de cunetas por ambas marxes da pista e a conexión, tanto das cunetas como da rexilla ás pluviais da estrada.»

Este Concello sube á plataforma SUBTEL o novo proxecto: MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA CAMPARA E NA BOUZA, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, COAG 20.206, de marzo 2025, cun orzamento total (con IVE) que ascende a 43.990,82 €.

Constan no expediente o informe técnico de necesidade e o informe sobre o investimento – anexo V, asinado polo arquitecto técnico municipal, con data 24/04/2025, así como o informe xurídico – anexo VI, asinado pola secretaria o 25/04/2025, o informe de Intervención – anexo VIII, asinado o 25/04/2025 e a memoria económica – anexo VII, asinada polo alcalde o 25/04/2025.

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 28/04/2025, aproba este proxecto.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O 17/06/2025 a Deputación Provincial fainos un novo requirimento sobre o proxecto, que literalmente dí:

«Revisada a documentación presentada por ese concello, atopáronse as deficiencias que deseguido se indican:

1.- PROXECTO OU PREGO

O proxecto correspondente a este investimento foi supervisado polos Servizos Técnicos desta Deputación, emitíndose o 9 de xuño de 2025 un informe desfavorable que se transcribe a continuación: «Examinada a documentación en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (art. 233 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público; art. 6 do CTE aprobado por Real Decreto 314/2006; demais concordante), e a Base 5.B.2.1.- Proxectos técnicos ou pregos de prescricións técnicas do POS+2025 (BOP nº 233 do 03/12/2024), emítese INFORME DESFAVORABLE por considerar que non se cumpren os requisitos esixidos ao respecto.

Deberá emendar os seguintes aspectos:

1.- Cadros de prezos:

1.1.- Segundo establece o artigo 126 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento

xeneral da Lei de Contratos das Administracións Públicas deberá incluír os cadros de prezos simples (man de obra, materiais e maquinaria) [...] no proxecto.

2.- Estudio de refugallos.

2.1.- O estudio fai referencia e emprega unha normativa de residuos que está derogada. A Orden MAM/304/2002, de 8 de febreiro esta derogada pola Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

3.- Documentación gráfica, planos

3.1.- Deberá incorporar os detalles e as seccións do tramo de A Bouza

4.- O Control de calidade

4.1.- O documento relativo o control de calidade é xenérico e non se adapta a obra proxectada, é un prego tipo para unha obra de edificación».

No caso de que sexa necesario realizar modificacións no proxecto /prego, debe subirse un único novo documento que recolla integramente o proxecto/prego corrixido, porque vai substituír ao anterior, que será marcado como obsoleto, e ademais deberá subirse a certificación da súa aprobación polo órgano competente do concello. Neste caso a aprobación deberá ser polo Pleno do concello, xa que este investimento quedou condicionado á ratificación polo pleno do proxecto corrixido. Esta aprobación deberá subirse tamén na convocatoria POS+Solicitud 2025. »

Constan no expediente o informe técnico de necesidade e o informe sobre o investimento – anexo V, asinado polo arquitecto técnico municipal, con data 30/09/2025.

Considerando o disposto nos artigos do 231 ó 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, así como os artigos do 124 ó 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no PXOM de Ponteceso.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, competencia que se atopa delegada por acordo plenario do 13 de xullo de 2023.

Por todo o anterior, PROPOÑO Ó PLENO DO CONCELLO:

Primeiro.- Aprobar o último proxecto actualizado: MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA CAMPARA E NA BOUZA, redactado polo arquitecto, Gonzalo García Martínez, COAG 20.206,



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

asinado o 19/06/2025, cun orzamento total (con IVE) que ascende a 43.990,82 €, incluído no POS+COMPLEMENTARIO 2025.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL

O Alcalde/ (Asinado dixitalmente)/ Jose Manuel Mato Martínez"

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

fd946d9e82083de8a65ac1a23b49ff75d89a2d93687b95379bea327e09acbde5

O presidente somete a proposta a votación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por dez votos a favor (dez: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 1 do PG, 1 de AxP e 1 de APIN-ESCO) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

1.7 Aprobación do proxecto modificado número 1 denominado: Dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros (Corme Porto), incluído no POS+ 2022

O presidente di que é necesario incluír por urxencia a aprobación do modificado núm. 1 do proxecto da dotación de redes separativas de saneamento na rúa Xeneral Mourelle e outros, incluído no POS+2022, por circunstancias imprevisibles no proxecto inicial e que se detectaron no transcurso das obras.

O presidente somete a votación a urxencia.

As concelleiras e os concelleiros que están presentes aproban a urxencia por dez votos a favor (once: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 1 do PG e 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

O secretario en acumulación dá conta do contido da proposta.

"PROPOSTA DE ACORDO

Proposta da Alcaldía para o Pleno: APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO NÚMERO 1 DENOMINADO: DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO), INCLUIDO NO POS+ 2022.

EXPEDIENTE: 2022/C003/000004

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 19/06/2024, acordou adxudicar o contrato



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

de obras denominado: << DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO) EXPEDIENTE: 2022/C003/000004>>, á empresa EXCAVACIONES POSE, SL, polo importe de 188.000,00 euros, máis 39.480,00 € de IVE, totalizando 227.480,00 €, cun prazo de execución de 6 meses, e demais condicións da súa oferta, ao ser considerada a de mellor relación calidade-prezo. Asimesmo nomea como director da obra ao enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado núm. 22.992, quen exercerá tamén as funcións de responsable do contrato, como sinala o artigo 62 da Lei de Contratos do Sector Público.

Consta o contrato administrativo da obra, asinado o 04/07/2024.

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 06/11/2024, acordou cesar nas súas funcións como director da obra e responsable do contrato: <<DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO)>> ó enxeñeiro de Camiños, Canales e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, colexiado número 22.992, que fora nomeado polo acordo da Xunta de Goberno Local do 19/06/2024 e nomea, no seu lugar como director de obra e responsable do contrato ó arquitecto técnico e enxeñeiro de edificacións, Ernesto Fernando Calvo Pérez, colexiado número 1.460 COATIEC.

Consta a aprobación da certificación número 1 da obra: DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO) POS+2022, por importe de 71.702,14 €, con cargo á aplicación orzamentaria 160/62300 do proxecto de gastos 2022/2/22X, mediante Resolución da Alcaldía número 147/2025, de 7 de marzo.

Consta a aprobación da certificación número 2 da obra: DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO) POS+2022, por importe de 32.790,32 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2025.160.22X.62300, mediante Resolución da Alcaldía número 266/2025, de 9 de abril.

Consta a aprobación da certificación número 3 da obra: DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO) POS+2022, por importe de 88.302,53 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2025.160.22X.62300, mediante Resolución da Alcaldía número 289/2025, de 16 de abril.

Consta a acta de suspensión temporal da obra: DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO) POS+2022, asinada o 04/04/2025 pola empresa adxudicatária, o director da obra e o alcalde.

Consta a solicitude para a redacción dun reformado do proxecto asinada o 01/08/2025 polo adxudicatario e o director da obra.

Consta a solicitude de prórroga no prazo de execución da obra, asinada o 23/09/2025 e subida á plataforma SUBTEL da Deputación.

Consta a modificación do proxecto denominada: PROXECTO MODIFICADO NÚMERO 1: DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO) POS+2022, asinado o 03/10/2025 polo arquitecto técnico e enxeñeiro de edificacións, Ernesto Fernando Calvo Pérez, colexiado número 1.460 COATIEC, cun orzamento base de licitación sen IVE de 244.592,93 € + 51.364,52 € (IVE), totalizando un orzamento base de licitación con IVE de 295.957,45 €.

Considerando o disposto nos artigos do 231 ó 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, así como os artigos do 124 ó 137 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Considerando o disposto no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no PXOM de Ponteceso.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2.ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, competencia que se atopa delegada por acordo plenario do 13 de xullo de 2023.

Por todo o anterior, PROPOÑO Ó PLENO DO CONCELLO:

Primeiro.- Aprobar o PROXECTO MODIFICADO NÚMERO 1: DOTACIÓN DE REDES SEPARATIVAS DE SANEAMENTO NA RÚA XENERAL MOURELLE E OUTROS (CORME PORTO) POS+2022, asinado o 03/10/2025 polo arquitecto técnico e enxeñeiro de edificacións, Ernesto Fernando Calvo Pérez, colexiado número 1.460 COAATIEC, cun orzamento base de licitación sen IVE de 244.592,93 € + 51.364,52 € (IVE), totalizando un orzamento base de licitación con IVE de 295.957,45 €.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial a través da plataforma SUBTEL"

O presidente abre o debate.

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

fd946d9e82083de8a65ac1a23b49ff75d89a2d93687b95379bea327e09acbde5

O presidente somete a proposta a votación.

O Pleno do Concello aproba a proposta por dez votos a favor (doce: 4 do PP, 4 do PSdeG-PSOE, 1 do PG, e 1 de AxP) e dúas abstencións (dúas: 1 do BNG e 1 de APIN-ESCO).

2 Parte de control e de fiscalización

2.1 Dación de conta das resolucións da Alcaldía, dende a núm. 634/2025, do 31 de xullo, ata a núm. 785/2025, do 3 de outubro

As concelleiras e os concelleiros que están presentes quedaron informados das resolucións da Alcaldía, dende a núm. 634/2025, do 31 de xullo, ata a núm. 785/2025, do 3 de outubro.

2.2 Mocións non resolutivas

Non hai mocións.

2.3 Pregos e preguntas

2.3.1 Prego que presentou o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE referido a inundacións no baixo do edificio que está situado na avda. de Anllóns núm. 1 (núm. de rexistro de entrada 202599900001445, do 1 de setembro)



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

O secretario en acumulación dá conta do contido do prego.

“O Grupo Municipal dos Socialistas de Ponteceso de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno o seguinte rogo:

1. Ao Goberno municipal, e aos grupos de Pleno, a adhesión á seguinte solicitude: que o Alcalde examine de forma urxente unha solución para o **anegamento do garaxe do edificio da avenida de Anllóns** número 1, na Trabe, Ponteceso, en particular a posibilidade dunha conexión ao saneamento na Vereda para poder clausurar a actual conexión á avenida de Anllóns, pois é por aquí por onde entran as pluviais inundando o baixo do edificio e prexudicando os veciños e veciñas do inmovble.

En Ponteceso, a 1 de Setembro de 2025/ Asinado: Xosé Lois García Carballido/ Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista de Ponteceso”

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

fd946d9e82083de8a65ac1a23b49ff75d89a2d93687b95379bea327e09acbde5

2.3.2 Prego que presentou o voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE referido á prórroga do programa de auxiliar funcionario interino adscrito a Medio Ambiente (núm. de rexistro de entrada 202599900001425, do 27 de agosto).

“O Grupo Municipal dos Socialistas de Ponteceso de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno o seguinte rogo:

1. Ao Goberno municipal, que rectifique a decisión de NON prorrogar o programa de auxiliar funcionario interino adscrito a medio ambiente, que rematou o 30 de xuño, programa que xestionou máis de mil notificacións de control de biomasa, en especial nos núcleos rurais e nas franxas arredor dos núcleos de poboación de Ponteceso.

En Ponteceso, a 27 de Agosto de 2025/ Asinado: Xosé Lois García Carballido/ Voceiro/a do Grupo Municipal Socialista de Ponteceso”

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2025/G010/000008 e identificado pola pegada dixital:

fd946d9e82083de8a65ac1a23b49ff75d89a2d93687b95379bea327e09acbde5

Non hai máis asuntos que tratar.

O presidente remata a sesión ás 21:00 h e eu redacto esta acta como secretario en acumulación.

*Documento firmado dixitalmente o día e polas persoas que constan na marxe.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CVD: J7FKjKX2mIX8EiGvVCPk Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.